

GALIZA

O Cesga crea o programa "Ensigna"

20.03.2007 linguaxe de signos

. E.P.

Un estudo, coordinado polo Centro de Supercomputación de Galicia (Cesga), demostrou a efectividade das novas tecnoloxías á hora de aprender a linguaxe de signos, o que abre o camiño ó desenvolvemento dun curso nesta área a través de internet.

O director xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación da Consellería de Innovación, Salustiano Mato, e o presidente da Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG), Feliciano Soa, presentaron onte os resultados deste proxecto, denominado *Ensigna*, concibido para aplicar as tecnoloxías da información (TIC) ó ensino da linguaxe de signos. A investigación, que contou coa colaboración da FAXPG, da Universidade de Santiago e do Grupo Femxa (unha empresa especializada en tecnoloxías de e-learning), probou que a metodoloxía baseada en tecnoloxías de última xeración e en internet é efectiva na adquisición dunha lingua de carácter xestual.

Este proxecto, financiado pola Consellería de Innovación, é pioneiro, xa que non existe unha experiencia previa de uso das TIC neste campo. Para a investigación creouse un curso piloto que lles permitiu aos alumnos aprender a través de internet a linguaxe de signos.